



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Públicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	Data:
CON/12/2012	CONWI0CO	24-07-2012
08652S556C35461G0L2E		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A AVALIACIÓN DAS OFERTAS ECONÓMICAS E POSTERIOR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA AOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS.

Ás doce horas e tres minutos do día 18 de xullo de 2012, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que de seguido se relacionan, para proceder a valoración dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante fórmula ou porcentaxe e a posterior proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

Presidente: D. José M. Blanco Suárez

Vogais:

Dna. M. Carmen Espada Cortizas (Concelleira Delegada de Bibliotecas)
Dna. Pilar Suanzes Hyde (Secretaría Accidental)
D. Manuel G. Antón Villamil (Interventor Accidental)
D. Alfonso Filgueira López (Xefe do Servizo Sociocomunitario)

Secretario:

D. Ignacio Mazaira Garro (Xefe Sección Contratación)

A presidencia abre a sesión expoñendo o erro existente na oferta presentada pola empresa Serindoc S.L, no cálculo do IVE e na porcentaxe de baixa, que ela fai sobre o prezo con impostos incluídos.

Serindoc S.L ofrece un prezo de 70.518,59 euros, ao que lle aplica un IVE de 15.479,69 euros, totalizando a oferta en 85.998,28 euros, afirma que se fai un 14% de baixa. Feitos os cálculos Ao 18% de IVE, correspóndelle 12.693,35 euros, unha oferta total de 83.211,94 euros, do que resulta un 16,79% de baixa. A Mesa de Contratación, establece que se a oferta e clara, os cálculos posteriores, aínda que erróneos non desvirtúan a oferta realizada.

Establecida a baixa media realizada en 9,05 puntos, pódese comprobar que ningún dos licitadores realizou unha baixa anormal ou desproporcionada.

Aplicada a fórmula existente no prego de condicións administrativas particulares

$$\text{Puntuación} = 60 \times \frac{\% \text{ baixa oferta}}{\% \text{ baixa máxima}}$$

Resultou:

LTM Servicios Bibliotecarios S.L. - 14,29 pts
Serindoc S.L. - 60,00 pts
Eulen S.A. - 53,75 pts
Cobra Servicios Auxiliares S.A. - 17,87 pts
Tedaga S.L. - 15,80 pts



NARÓN

Sumadas as puntuacións outorgadas nas valoracións dos criterios avaliábeis mediante fórmulas ou porcentaxes e as non avaliábeis, optivéronse os seguintes resultados:

LTM Servicios Bibliotecarios S.L.	- 44,29 pts
Serindoc S.L.	- 86,00 pts
Eulen S.A.	- 68,75 pts
Cobra Servicios Auxiliares S.A.	- 32,87 pts
Tedaga S.L.	- 43,80 pts

En base a todo o exposto, a Mesa de Contratación, propón a adxudicación do contrato a empresa SERINDOC S.L., por ser esta a máis vantaxosa para este Concello, unha vez valorados todos os criterios de adxudicación contemplados no prego de cláusulas que rexe este contrato.

Sen máis asuntos que tratar, e dando por rematado o presente acto, levántase a correspondente Acta, a cal será refrendada coa sinatura do Sr. Presidente, perante min, o Secretario, no lugar e data indicada no lencabezamento, sendo as doce horas e vintecinco minutos. Dou fe